O RAIO VERDE
[Éric Rohmer, 1986, Francia, 99', VOSE]

Título orixinal ***Le rayon vert***
Serie **Comedias e proverbios**
Lingua orixinal **Francés**
Dirección **Éric Rohmer**
Guión **Éric Rohmer, coa colaboración de Marie Rivière**
Fotografía **Sophie Maintigneux**
Son **Dominique Hennequin, Claudine Nougaret**
Música **Jean-Louis Valero**
Montaxe **María Luisa García**
Reparto **Marie Rivière, Rosette, Béatrice Romand, Vincent Gauthier, Sylvie Richez, Basile Gervaise, María Luisa García, Virginie Gervaise, René Hernández, Dominique Rivière, Claude Jullien, Alaric Jullien, Eric Hamm**
Produción **Les Films du Losange**
Distribución **A Contracorriente**

Quinta e penúltima entrega da serie comedias e proverbios, *O raio verde* foi rodada en San Juan de la Luz e Biarritz. Delphine é unha secretaria parisina sen plans para as vacacións logo de que a súa amiga as cancelara no último minuto. Soa e triste, Delphine está decidida a viaxar igualmente. No camiño coñece unha rapaza sueca que trata de animala mais que só consegue acentuar a súa sensación de soidade, até que o seu destino, de golpe, dá un xiro inesperado.

O raio verde obtivo o León de Ouro en Venecia e, visto retrospectivamente, resulta un dos traballos máis memorables, innovadores e singulares do seu autor, onde convive certo aroma documental coa inserción do elemento da improvisación.

VOLVEMOS EN SETEMBRO!

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

_Filmoteca de Galicia

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA

TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra

FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

XUNTA DE GALICIA

Sesións de Filmoteca #27
14.6.2021

O RAIO VERDE

ÉRIC ROHMER

CINECLUBE PONTEVEDRA
CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE-FILMOTECA DE GALICIA

O RAIO VERDE
COMEDIAS E PROVERBIOS V

Éric Rohmer filmou *O raio verde* para fuxir «desa tendencia Guitry-Pagnol en que querían encadrarme» e «do risco de pesadez dos meus filmes recentes». Tales apreciacións, que poden semellar case unha *boutarde* no autor de *Pauline na praia*, deben entenderse referidas a *As noites da lúa chea*, cuxa formalización estética e maior complexidade de produción (case ridícula en comparación co estándar do cinema francés) faille sentir, ao máis fiel dos homes da *nouvelle vague*, empurrado cara ao aspecto «figureiro» do cinema dos oitenta e ameazado pola *qualité*.

Non obstante, a realidade é que a idea orixinal do filme é anterior, mesmo, á rodaxe d'*As noites de lúa chea* e que a filmación propiamente dita xa se consumara antes de estrear a anterior tralo Festival de Venecia de 1984. En outubro dese mesmo ano, o título co que aínda se traballaba era *Les Aoûtiennes* (*As veraneantes de agosto*) e Rohmer figuraba aínda como produtor único do filme. Filmara todo o material cunha cámara de 16 mm, acompañado de catro mulleres (a actriz, a operadora, a técnica de son e a encargada de produción), sen subvención pública de ningún tipo, en orde cronolóxica, sen guión e sen escribir diálogo ningún, con transeúntes atopados por azar convertidos en actores, pasando case inadvertidos e improvisando sobre a marcha.

Trátase, logo, dunha experiencia-límite no camiño de progresiva sinxeleza e despoxamento transitado por Rohmer, mais as raíces do experimento pódense rastrexar dende moitos anos atrás. Por unha banda, xa dende a época en que escribía os *contos morais* sentíase seducido pola posibilidade de rodar un filme sen guión; por outra banda, a súa vella pretensión de aproximar a ficción ao documental xa se manifesta en torno á data de 1952, cando preparaba o que debía ser a súa primeira longametraxe (*Les Petites filles modèles*), que ficaría inacabada e desaparecida até hoxe. Para explicar aquela adaptación da *Comtesse de Ségur*, Rohmer escribía un texto onde xa especificaba que se trata de «presentar, non unha comedia interpretada por mozos prodixio, senón unha especie de documental sobre a infancia».

O certo é que, unha vez rodada a totalidade da metraxe, e logo de gastar unicamente un 10 % do orzamento final do filme (2 millóns de francos), Éric Rohmer decide gardar o celuloide até conseguir filmar en directo o fenómeno óptico e luminosos do raio verde, cuxa imaxe precisaba para pechar o filme. Tras enviar un operador ao Canal da Mancha e outro á Costa Atlántica, a procura conclúe no nadal do 85 nunha praia das Palmas de Gran Canaria, onde as cámaras logran captar o último escintileo do sol poñente. Malia todo, segundo contou a operadora Sophie Maintigneux e o propio Rohmer recoñeceu, aínda fixo falla unha pequena manipulación de laboratorio para rematar de fixar aquel verde fugaz de tan perseguida autenticidade. Estas circunstancias postergaron a estrea do filme até o 31 de agosto de 1986. A súa presentación prodúcese simultaneamente no Festival de Venecia, onde se fai co León de Ouro, e na pantalla televisiva do Canal Plus francés, que tamén se sumara a Les Films du Losange na produción do filme.

Un desprazamento astrolóxico e estacional (da lúa invernal ao sol de verán) impulsou, polo tanto, a filmación d'*O raio verde*. O que Rohmer perseguía era, en palabras de Marie Rivière, «seguir a unha rapaza que está soa e trata de comprender por que non consegue sentirse a gusto cos demais». Dende o principio, ao parecer, o director manexaba xa como referencia a novela homónima de Julio Verne e tan só a escena final estaba decidida e prefixada, aínda que tampouco escrita. Todo o demais, a partir de pequenas e mínimas precisións marcadas por Rohmer sobre o sentido global que cada escena debía ter, deixábase á improvisación dos intérpretes. A colaboración prestada por estes para os diálogos é recoñecida, de feito, nos títulos de crédito.

Non semella casual que Rohmer abandonara a Marie Rivière, soa e deprimida, pechada no asfixiante faiado d'*A muller do aviador*, e a recupere aquí, en similares condicións, para levala até a luminosidade, se ben enganosa, de tan insólito desenlace. Neste sentido, *O raio verde* acaba desvelando a faceta máis arriscada e estimulante da súa aposta: a dimensión documental sobre actriz e personaxe en vampírica simbiose, fragmentada entre o verde (a esperanza) e o vermello (a paixón) que invaden as imaxes, tan aparentemente banal coma os versos de Rimbaud escollidos á mantenta por Rohmer para o proverbio de cabeceira e convertida en vehículo dese lirismo provocado pola osmose romántica (de inspiración alemá) entre a natureza e o interior de si mesma.

Máis cercanas á etnoloxía de Jean Rouch cá *nouvelle vague*, as imaxes d'*O raio verde* dan a impresión de capturar os seres e as cousas coma se estes non estivesen alí para seren filmados pola cámara. Probablemente, como di Rohmer, porque «a observación, no cinema, non é Balzac a tomar notas; non é antes, é *ao mesmo tempo*». Así é posible que este singular capítulo das *comedias e proverbios*, en aberta ruptura cos episodios precedentes, lle permita ao seu autor aproximarse —máis ca nunca até entón— «aos seus admirados Murnau e Rossellini nas súas obras máis carnais e urxentes», como di Manuel Marías.

Extractos de HEREDERO, CARLOS F., & SANTAMARINA, A. (1999). *Eric Rohmer.* Madrid: Cátedra, páx. 232-239.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.